

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA**

*CÉDULA do 7 de xaneiro de 2014 pola que se notifica a imposición dunha multa coercitiva devolta polo servizo de Correos por non resultar posible a súa notificación (expediente IU2/32/2012).*

A directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ditou, o 5 de novembro de 2013, unha resolución pola que se lle impón unha primeira multa coercitiva derivada do expediente de reposición da legalidade urbanística número IU2/32/2012 a Ramón Ermel Morales como consecuencia de incumprir o disposto na Resolución do 11 de xaneiro de 2013, que ordenaba a demolición dunha vivenda prefabricada de planta baixa de 32 m<sup>2</sup> de superficie, instalada sobre unha soleira de formigón e dúas filas de bloques de formigón gris, promovida polo interesado na parcela con referencia catastral 36045A034003310000WP, no barrio da Millarada, 159 B, Vilar de Infesta, no termo municipal de Redondela, provincia de Pontevedra.

Ao non poderse realizar a notificación persoal daquela resolución, mediante esta cédula e ao abeiro do disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), notifícasele ao interesado a dita resolución.

Tendo en conta que, en atención ao previsto no artigo 61 da LRXPAC, o acto non se publica na súa integridade, fáiselle saber ao interesado que o texto íntegro da resolución que se lle notifica se encontra ao seu dispor nas dependencias da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, sitas no Edificio Witland, 1º andar, Salgueiriños, Santiago de Compostela, para a súa consulta no prazo de 10 días hábiles, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación desta cédula. Transcorrido o dito prazo, a notificación entenderase producida.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, o interesado poderá interpor recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que se producise a notificación, ante a directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, e indícasele que o recurso unicamente será admisible por motivos de infracción do ordenamento inherentes á imposición desta multa coercitiva. Será motivo de inadmisión a



reiteración das mesmas razóns que se esgrimiron ou puideron esgrimirse fronte á resolución da cal este acordo é un mero acto de execución.

No caso de non exercer o seu dereito a presentar recurso potestativo de reposición, pode interpor directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado do contencioso-administrativo en cuxa circunscrición se sitúe o inmovible afectado, conforme o disposto no artigo 14.1º, regra terceira, da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para que conste e lle sirva de notificación ao citado interesado, en cumprimento do disposto no artigo 59.5 da LRXPAC, expido e asino esta cédula.

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2014

María Martínez Allegue  
Directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

